Trasalba San Silvestre 31 do nadal 1958

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e lembrado amigo: Graciñas, moitas graciñas polo seu recordo desexando Fita e mais eu pra Vdes un ano ricar e inxalde de horas graves e ledas en que madurecerán os froitos de que tan cobizosos somos seus amigos.

Vaise o ano sen dees chorar. Chegamos a mesma Noiteboa despois de trece días en Madride case inteiramente abranguidos polas oposiciós que remataran o 22 a meiodía. Das tres cadeiras en rigore unha foi regalada pois en pura xustiza debera ficar valeira. Foi pena que non as fixeran algúis dos nosos amigos xeógrafos.

Teño medo pola candidatura de Parga Pondal. ¡Unha escocente vergonza si non triunfa!

Mandareille drento de tres ou catro días "El viajero en la ciudad de Santiago" un dos libros que mais quero pois a il vai cinguida miña adolescencia. Procurarei o Pan-dolf. Todo está nos meus libros misturado e os papés se- mella animados polo xenio de un Hoffmann labrego.

Saudos de Fita. Miñas lembranzas á sua dona

C
2 1157-8

e fillos ben recordados. E apertas do amigo e admirador de sempre

Ramon Otero Pedrayo